



WORK ON SUNDAY
SON ESTRELLA GALICIA

Nota de Prensa, 12/09/2023

Tres estreas mundiais e dezasete estatais daranse cita na séptima edición do WOS Festival x SON Estrella Galicia, que comeza este xoves 14 en Santiago de Compostela

Actress, Laurel Halo, Midori Takara, DJRUM, Lee Gamble, Croatian Amor ou Loraine James son os pratos fortes dun festival que se celebrará do 14 ao 17 de setembro en nove espazos da cidade.

A escena galega terá unha presenza relevante tanto no cartel coma no encontro interxeracional nomeado O son electrónico de Galicia, ao que están convidados medio centro de colectivos, djs, promotores e artistas.

Os últimos abonos e entradas de día dispoñibles para o WOS 2023 pódense adquirir a través do web oficial <https://wosfestival.es>.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2023.- A partir deste xoves 14, e até o domingo 17 de setembro, a capital galega amosará o seu lado máis arriscado e vanguardista. A cidade acollerá a séptima edición do WOS Festival x SON Estrella Galicia, o encontro multidisciplinar dedicado a promover e fomentar a música e a cultura de vanguarda con concertos e actividades en diferentes espazos de alto valor patrimonial de Santiago de Compostela.

O festival ofrecerá ao longo de catro xornadas un total de 29 actuacións musicais con artistas procedentes de máis de 15 países de todo o mundo (dos cinco continentes, desde Exipto ata India, pasando por Reino Unido, Portugal, Sierra Leona ou Australia, entre outros) que, habitualmente, só é posible ver en grandes cidades. Tres estreas mundiais e dezasete a nivel estatal formarán parte dunha programación arriscada, global e de vanguarda que consolida a cita como un dos festivais de referencia en Europa, tanto para artistas da escena electrónica coma para promotores e público.

A nova edición do festival presentouse esta mañá no Pazo de Raxoi (sé do Concello de Santiago), coa presenza do delegado da Xunta de Galicia na Coruña, Gonzalo Trenor; o director da Axencia Galega das Industrias Culturais da Xunta de Galicia (Agadic), Jacobo Sutil; o Vicepresidente da Deputación da Coruña, Xosé Regueira; a concelleira de Capital Cultural de Santiago, Míriam Louzao; a responsable de comunicación de Corporación Hijos de Rivera, Cecilia Babarro; e o director do festival, Iván Arias.

Un festival multiespazo que se estende por toda a cidade

Do 14 ao 17 de setembro, WOS Festival x SON Estrella Galicia ofrecerá unha completa programación de case unha trintena de mostras sonoras, ademais de proxeccións de películas documentais e parladoiros. Mais un dos aspectos más salientables do festival será, unha vez máis, os extraordinarios escenarios elixidos para as actuacións, que porán en valor o patrimonio arquitectónico e cultural da cidade. A Igrexa da Universidade, o Teatro Principal, o Centro Galego



WORK ON SUNDAY
SON ESTRELLA GALICIA

de Arte Contemporáneo (CGAC), a sede Afundación, a Fundación Eugenio Granell, a sala de cinema NUMAX, o Parque de Bonaval e a sala Capitol serán sedes dunha edición que, como novidade, incorporará o complexo arquitectónico industrial da Fundación Laboral de la Construcción: dúas súas naves transformaranse, na noite do sábado 16, nunha pista de baile.

Actress, Laurel Halo, Midori Takada e DjRUM, cabezas de cartel do WOS 2023

As seareiras e seareiros dos sons más inconformistas e da cultura contemporánea más audaz e subversiva encherán as rúas, prazas e teatros da cidade para gozar das actuacións de figuras internacionais como Actress, Laurel Halo, Midori Takada e DjRUM, entre outros moitos. O británico Actress, nome imprescindible para comprender a evolución recente da música techno, presentará no WOS temas do EP *Dummy Corporation* (2022) e o seu último sinxelo, *Push Power (a 1)* (2023). Pola súa banda, a artista de culto Laurel Halo presentará ao vivo, da man da chelista norteamericana Leila Bordreuil, o seu novo traballo, nomeado *Atlas* (2023), unha proposta ambiental con influencia neoclásica. Ademais, as amantes do baile e das vías sonoras a través de xéneros e escenas gozarán da sesión nocturna do británico DjRUM, un dos mellores djs da década. E como broche dourado desta edición, e coas localidades esgotadas desde hai días, terá lugar a estrea mundial do novo espectáculo da lenda xaponesa da música ambient Midori Takada, *Japan On Films* (2023), proxecto que conta co apoio internacional de institucións tan prestixiosas coma o British Film Institute (BFI) e a Fundación Japón.

Croatian Amor, ABADIR, Lee Gamble, Malibu, Loraine James ou CORIN, por destacar só algúns nomes, son outras das figuras que formarán parte dun cartel que ofrecerá este ano tres estrenos mundiales: alén da xa mencionada *Japan On Film (Live)* de Midori Takada, o público gozará por vez primeira de Alex Aller & Margarida Mariño present *Transmutation (Live AV)* e Kosu Nes & Urok presents *Ilionomaxi (Live AV)*.

Alén de achegar ao país a arte de grandes figuras de todo o mundo, WOS Festival x SON Estrella Galicia mantén o seu interese, desde 2016, pola escena local. Desde aquela primeira edición, na que procurou promover encontros e descubrir novos talentos, a súa aposta polo tecido creativo galego sempre estivo presente. Este ano o eventocontará con artistas como Ivankovà, JUAIT, Alex Aller & Margarida Mariño, Akazie, Kosu Nes & Urok e MIL111.

Programación paralela de cinema e conversas

Ademais de propostas musicais, WOS Festival 2023 ofrecerá unha interesante programación paralela que incluirá dúas proxeccións documentais que terán na música o seu tema principal e que se poderán ver no Cinema NUMAX. É o caso de *CAN and Me* (2022), un retrato íntimo de Irmin Schmidt, o fundador da banda CAN, que conta con materiais de arquivo e entrevistas para entender a súa figura; e *Expedition Content* (2020), na que será a súa estrea en España, unha peza que emprega material de arquivo sonoro de antropólogos estadounidenses e nativos Hubila, de Papúa Nova Guinea.

Alén das exhibicións cinematográficas, WOS proporá, en aberto, un programa de conferencias sobre a escena electrónica. Por un lado, porá o foco sobre a escena galega, considerada unha das más interesantes do territorio peninsular, a través das mesas redondas *O son electrónico de Galicia: unha conversa interxeracional*, na que abordarán a boa saúde actual do panorama máis próximo e as



WORK ON SUNDAY
SON ESTRELLA GALICIA

súas diferentes ramificacións polas catro provincias, mais tamén o camiño percorrido até o de agora. Participarán artistas, colectivos, DJs e promotores. Pola outra, o festival contará cun panel que terá como protagonista a Aho Ssan. O músico, afincado en París, e que estreará *Rhizomes* en España no marco do WOS Festival, conversará sobre o seu proceso creativo co prestixioso xornalista musical Phil Bloomfield (Sónar Festival).


Últimas entradas dispoñibles

O WOS 2023 está a piques de pendurar o cartel de "entradas esgotadas". Polo de agora, xa non quedan dispoñibles Abonos Weekend (15-17 de setembro) nin billetes de día para o venres 15 nin para a gala de clausura (domingo 17). As últimas entradas para esta edición pódense adquirir a través do web oficial www.wosfestival.es

WOS Festival conta con SON Estrella Galicia como patrocinador principal, ademais do apoio doutras institucións como Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia e da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), Concello de Santiago de Compostela, Deputación da Coruña e Fundación Japón.

ARTISTAS DO WOS FESTIVAL X SON ESTRELLA GALICIA (A-Z)

ABADIR (Live)
Actress (Live AV)*
Aho Ssan & Sevi Iko Dømochevsky present *Rhizomes* (Live AV)*
Akazie (Dj)
Alex Aller & Margarida Mariño present *Transmutation* (Live)**
Black Rave Culture (Dj)*
Bruce (Live)*
CORIN presents *Lux Aeterna* (Live AV)*
Croatian Amor (Live)
DjRUM (Dj)
Heith ft. Declino (Live AV)*
Iceboy Violet (Live)*
Ivankovà (Live)
JUAIT (Live)*
Kia (Dj) *Kosu Nes & Urok present Itionomaxi (Live AV)**
Lamin Fofana (Dj)*
Laurel Halo presents *Atlas* (Live AV)*
Lee Gamble (Dj)
Loke Rahbek & Frederik Valentin (Live)*
Lorraine James presents *Gentle Confrontation* (Live AV)*
Malibu (Live)
Marlene Ribeiro & Inês Malheiro*
Midori Takada presents *Japan On Film* (Live)**
object blue & Natalia Podgorska present *Pearl Forest* (Live AV)*
Patricia Wolf (Live)
Puce Mary (Live)*



WORK ON SUNDAY
SON ESTRELLA GALICIA

Shackleton & Zimpel w/ Siddhartha Belmannu & Pedro Maia present *In The Cell Of Dreams* (Live AV)*

* Estrea en España ** Estrea mundial

PROGRAMA MUSICAL

Xoves 14, 21:00 horas (INAUGURACIÓN) | Teatro Principal

Laurel Halo presents *Atlas* (Live).

Venres 15, 18:30 horas | Igrexa da Universidade

Ivankovà (Live).

Venres 15, 20:00 horas | Teatro Principal

Shackleton & Zimpel with Siddhartha Belmannu and Pedro Maia (Live AV) present *In The Cell Of Dreams* (Live AV).

Venres 15, desde 22:00 horas | Sala Capitol

22:00h - Kosu Nes & Urok present *Ilionomaxi* (Live AV).

23:00h - CORIN presents *Lux Aeterna* (Live AV).

00:00h - Iceboy Violet (Live).

01:00h - Actress (Live AV).

02:00h - Lee Gamble (Dj).

Sábado 16, 13:00 horas | Parque de Bonaval

13:00h - Marlene Ribeiro & Inês Malheiro (Live).

16:00h - Lamin Fofana (Dj).

18:00h - Akazie (Dj).

Sábado 16, 17:30 horas | Igrexa da Universidade

Patricia Wolf (Live).

Sábado 16, 18:00 horas | Fundación Eugenio Granell

18:00h - Loke Rahbek & Frederik Valentin (Live).

20:00h - Abadir (Live).

Sábado 16, 18:00 horas | Teatro Principal

18:00h - Alex Aller & Margarida Mariño present *Trasmutation* (Live AV).

20:00h - Aho Ssan & Sevi Iko Dømochevski present *Rhizomes* (Live AV).

Sábado 16, desde 22:00 horas | Fundación Laboral da Construcción (FLC)

22:00h | Sala 2 - Heith ft. Declino (Live AV).

22:30h | Sala 1 - Bruce (Live).

23:00h | Sala 2 - Puce Mary (Live).

23:30h | Sala 1 - Croatian Amor (Live).

00:00h | Sala 2 - Loraine James presents *Gentle Confrontation* (Live AV).

00:30h | Sala 1 - JUAIT (Live).

01:00h | Sala 2 - object blue & Natalia Podgorska present *Pearl Forest* (Live AV).

01:30h | Sala 1 - Kia (Dj).

02:00h | Sala 2 - Black Rave Culture (Dj).

03:30h | Sala 1 DjRUM (Dj).



WORK ON SUNDAY
SON ESTRELLA GALICIA

Domingo 17, 18:30 horas | Igrexa da Universidade Malibu (Live).

Domingo 17, 20:00 horas (CLAUSURA) | Teatro Principal
Midori Takada presents *Japan on Film* (Live AV).

PROGRAMACIÓN PARALELA

PROGRAMA DE CINEMA

Sábado 16, 16:00 horas | NUMAX

CAN and Me (2022), dirixida por Michael P. Aust e Tessa Knapp.

Domingo 17, 16:00 horas | NUMAX

Expedition Content (2020)*, dirixida por Ernst Karel e Veronika Kusumaryati.

* Estrea en España

*

PARLADOIROS

Venres 15, 16:00 horas | Auditorio do CGAC

O son electrónico de Galicia: unha conversa interxeracional (parte 1).

Participan: Akazie, Arkestra Discos, Dial Electrónico, Jelly, Modulartec, Peligro Club.

Moderan: Frankie Pizá e Víktor Flores.

Sábado 16, 13:00 horas | Sede Afundación

Conversación con Aho Saan.

Participan: Aho Ssan e Phil Bloomfield.

Sábado 16, 16:00 horas | Auditorio do CGAC

O son electrónico de Galicia: unha conversa interxeracional (parte 2).

Participan: Must Be On Wax, Neo2000Klub, RetroFuture, Russ, Sisters of Rave, TR3MOR.

Moderan: Frankie Pizá e Víktor Flores.

Contacto de prensa WOS Festival x SON Estrella Galicia

The Office Comunicación | prensa@theofficeco.es

Lucía Pita (675 404 321) e Luisa Castiñeira (620 113 155)

Kit de prensa WOS Festival x SON Estrella Galicia

<https://bit.ly/WOSPrensaGAL2023>

Patrocinador principal Patrocinadores institucionais



Deputación
DA CORUÑA



Xacobeo

gàlicia